

GUIÓN COMPARECENCIA APLICACIÓN DA LEI 1/2014 de aproveitamento de vínculos coa Lusofonía "Paz Andrade"**INTRODUCCIÓN**

O 8 de abril de 2014 publicouse no DOG núm. 68 a *Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, que foi previamente aprobada polo Parlamento por unanimidade.

No seu artigo 2º sinálase que: *"O Goberno galego incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia"*. Polo tanto, considérase que a nosa comunidade posúe vantaxes competitivas dende o punto de vista lingüístico que permiten afianzar e consolidar a relación con Portugal, e isto tradúcese no impulso da aprendizaxe do portugués no sistema educativo.

Coa Lei 1/2014 as institucións galegas, moi conscientes do que isto significa á hora de abrir novos mercados comerciais e laborais nun mundo globalizado e plurilingüe, queren dar un novo pulo ao coñecemento da lingua e da cultura lusófona no noso territorio. No marco regulado por esta norma establécense as bases para potenciar a aprendizaxe do portugués a través de métodos formativos e comunicativos.

Por outra banda, o seu artigo 5º establece que *"o Goberno galego realizará anualmente un informe en relación co cumprimento desta lei, no que se farán constar, de xeito pormenorizado, as accións levadas a cabo, o seu custo e as previsións que efectúa para o exercicio seguinte."* Tamén prevé que *"o dito informe remitirase ao Parlamento de Galicia."*

En consecuencia, a administración galega elabora o seguinte informe co fin de detallar as principais liñas de actuación levadas a cabo ao abeiro desta normativa:

1.1. O ensino do Portugués na ESO e no Bacharelato.

No ensino obrigatorio e postobrigatorio ofértase a materia de lingua portuguesa como segunda lingua estranxeira na ESO e no Bacharelato cos currículos implantados co Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo de ESO e do bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, o Portugués é lingua na que se imparten seccións bilingües na ESO, Ciclos Medios e Ciclos Superiores.

En total, o Portugués na etapa da ESO e no Bacharelato é estudado por **3897** alumnos e alumnas en **75** centros educativos.

	2019-20	2020-21	2021-22
ESO+BAC	2897	3415	3897

482 Máis que no curso pasado

A esta cifra súmanse os 1021 alumnos e alumnas que estudan a Lingua Portuguesa nas Escolas Oficial de Idiomas, alcanzando **un total de 4913 alumnos e alumnas.**

Portugués como primeira ou segunda lingua estranxeira e materia de libre configuración:

No curso 2021/2022 estúdase a materia de Lingua Portuguesa como primeira ou segunda lingua estranxeira en **64 centros de ensinanza secundaria nas etapas de ESO -2505 alumnos/as- e Bacharelato -1053 alumnos/as-** , acadando un total de **3558** alumnos e alumnas. Así mesmo, **impártese Portugués como materia de Libre Configuración en 12 centros educativos cun total de 339** alumnos e alumnas.

Centros	Alumnos e alumnas		
	ESO	Bacharelato	Total
64	2505	1053	3558
12	236	103	339

Hai un centro (IES Xulián Magariños) que oferta Portugués como segunda lingua estranxeira na ESO e como materia de libre configuración no bacharelato.

1.2 Seccións bilingües en lingua portuguesa

Centros	Seccións	Alumnado
5 (2+)	7 (2+)	82

Cód. centro	Centro	Provincia	Concello	Curso	Materia
15005749	CIFP Universidade Laboral	A Coruña	Culleredo	2º Prevención de riscos profesionais	Formación e orientación laboral
15021482	IES San Clemente	A Coruña	Santiago de Compostela	1º Administración de sistemas informáticos en rede	Fundamentos de hardware
15027411	IES de Cacheiras	A Coruña	Teo	2º Ensinanza secundaria obrigatoria	Matemáticas
15027411	IES de Cacheiras	A Coruña	Teo	3º Ensinanza secundaria obrigatoria	Matemáticas orient. ás ensin. académicas
15027411	IES de Cacheiras	A Coruña	Teo	3º Ensinanza secundaria obrigatoria	Matemáticas orient. ás ensin. aplicadas
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	A Coruña	Santiago de Compostela	3º Ensinanza secundaria obrigatoria	Educación Plástica e Visual
36011579	IES A Guía	Pontevedra	Vigo	2º Ciclo superior, Xestión de vendas e espazos comerciais	Técnicas de Venda e Negociación

1.3. Escolas Oficiais de Idiomas

A Lingua portuguesa nas Escola Oficial de Idiomas (EOI)

	PORTUGUÉS		
	Grupos	Alumnado	Profesorado
EOI A CORUÑA	11	178	3
EOI FERROL	8 1+	87	2
EOI SANTIAGO	11	175	3,33
EOI LUGO	11 1+	93	3
EOI OURENSE	6 1+	98	2,5
EOI PONTEVEDRA	8	111	2
EOI VIGO	12	171	4,5
SECC. TUI	4	46	1
EOI VILAGARCIA	6	62	1,5
TOTAL	77	1021	26*

Ofértase Lingua portuguesa en todas as EOI e nunha sección da EOI de Vigo, Tui. Con 26 profesores e profesoras (*19 a xornada completa, 5 a media xornada e 2 que realizan 2/3 da xornada), aténdese a un total de 1021 alumnos e alumnas en 77 grupos.

2) ALUMNADO GALEGO QUE REALIZOU A FCT EN PORTUGAL. ANO 2021

a) No período de xaneiro a xuño: 53 ALUMNOS/AS programa ERASMUS + 2 SEN ERASMUS

b) No período de setembro a decembro. 20 ALUMNOS/AS programa ERASMUS + 1 SEN ERASMUS

3. PROGRAMAS DE LINGUA E CULTURA PORTUGUESA

3.1. Acordo co Instituto Camões

O programa de lingua e cultura portuguesa, en colaboración co Instituto Camões, apoia o ensino-aprendizaxe da lingua portuguesa en 9 centros educativos galegos.

En 2021 empezouse a implantar nos centros de Secundaria o programa **Camoens Junior**, polo que mediante o ensino progresivo de linguas o alumnado de ESO e Bacharelato pode obter os niveis B1 e B2 do sistema MAECRL

3.2. Orzamento

- 1.1. O **programa PIALE** ten prevista unha oferta no curso 2021-2022, cunha formación en lingua portuguesa para 35 profesores e profesoras cun custo total de 99.000€.
- 1.2. **Outra formación para o profesorado.** Ofértase formación a través dos cursos CALC e dos cursos específicos de preparación das probas da EOI.
- 1.3. **Auxiliares de conversa.** O orzamento do que se dispón para cada auxiliar de conversa é de 7.480€ anuais, o que supón un total de 29,920€ anuais.
- 1.4. O **programa AXUDASLE, Actividades de formación en linguas estranxeiras para o alumnado**, ten prevista unha oferta de 10 prazas para afondar no dominio da lingua portuguesa 2021-2022, cun custo total de 16.530€.

4. OUTRAS ACTIVIDADES

1) Participación con socios portugueses en Erasmus KA2:

PROXECTO KA 2 "MATES" (Maritime Alliance for fostering the European Blue Economy through a Marine Technology Skilling Strategy)

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade participa no proxecto internacional KA2 MATES (*Maritime Alliance for fostering the European Blue Economy through a Marine Technology Skilling Strategy*) é unha iniciativa liderada polo Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR e cofinanciada polo programa Erasmus + da Unión Europea, cuxo obxectivo é **elaborar un plan estratéxico que mellore a competitividade da industria das tecnoloxías marítimas en Europa** a través dunha adecuación das formacións existentes.

Socios portugueses: Fundo Regional para a Ciência e Tecnologia, Fórum Oceano

2. O Programa IACOBUS xestionado pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia Norte de Portugal (GNP, AECT) é **un programa de cooperación científica, cultural, e pedagóxica, que finalizou a súa oitava convocatoria e comeza a 9ª convocatoria. IACOBUS é un programa de intercambios entre docentes, investigadores e PAS das Universidades institutos politécnicos e centros tecnolóxicos de Galicia e do Norte de Portugal;** ata agora presentáronse **1.940 candidaturas**, nas oito convocatorias realizadas, e **concedéronse 1.095 estadias de investigación**. Ademais, realizáronse tres edicións do IACOBUS *Papers*, (que apoia a publicación de artigos de investigación en revistas de carácter científico), ao que se presentaron 147 candidaturas, e acaba de abrirse a 4ª convocatoria.

O Programa IACOBUS leva investidos case 1,5 M€

3. Convocatorias:

IV Certame de Podcasts en Galego Xosé Mosquera Pérez, o Vello dos Contos, organizado, coa colaboración da SXPL da Xunta de Galicia, polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, Arraianos Producións e o colectivo **Ponte ... nas Ondas (que presentou novo proxecto do Meniños cantores co Programa "O Teu Xacobeo"**

9 de novembro do 2021.- Para alumnado de 10 a 18 anos dos centros de ensino de educación primaria (de 5º e 6º curso) e de secundaria de Galicia, e doutros centros de ensino non universitario de Galicia e daqueles que imparten ensinanzas de réxime xeral cursadas fóra da

Comunidade Autónoma (Bierzo, Londres, Bs Aires...). Así mesmo, poderá participar o alumnado da mesma idade das escolas do Norte de Portugal.

2. NORMATIVA APROBADA 2021

2.1 O 15 de marzo de 2021 o DOG publicou a **Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.**

A primeira lei fundamental para as relacións exteriores.

Dedica o Título IV á Eurorrexión Galicia Norte de Portugal

- Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal
- Agrupación Europea de Cooperación Galicia – Norte de Portugal
- Intercambios empregados públicos
- Observatorio da Lusofonía Paz Andrade (asesorar ao Goberno, formular plans e accións e propoñer actividades de coñecemento, intercambio e programación)

Divulgación: en xaneiro xornadas no CCG tamén no Círculo de Empresarios de Vigo etc

2.2 Aprobación do Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal (PIC) (2021-227)

Deu conta del o SX de Relacións Exteriores o mércores 15 de decembro na Comisión 1ª do Parlamento.

Importante instrumento de colaboración

186 M€ de execución

Avanzar na dixitalización

Tracción demográfica, enerxética e dixital

2.3 Na Cimeira celebrada en Luanda o 17 de xullo de 2021, aprobouse á **entrada de España como "Observador Asociado" da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP)**, despois de que a Xunta de Galicia impulsara dita integración e o Ministerio de Asuntos Exteriores, UE e Cooperación España integrouse na CPLP "da man de Galicia". Na nota de prensa posterior á Cimeira, o goberno español destacou o notable impulso que a Comunidade Autónoma de Galicia deu á candidatura de España, xa que todos os documentos previos esixidos para a entrada na CPLP xa foran elaborados primeiro por esta Comunidade Autónoma para a entrada de Galicia na CPLP.



- O 4 de outubro participamos e patrocinamos, no Encontro sobre "Portugués, multilingüismo e ensinanza a distancia" organizado pola Academia Galega de Lingua Portuguesa e a Comisión Técnica de Promoción e Difusión da Lingua Portuguesa da CPLP e que se realizou **en Santiago**.

3. PROXECTOS CULTURAIS

3.1 O Proxecto NORTEAR, tamén da AECT GNP, é un proxecto de intercambio cultural que impulsa diversas actividades como o Premio Nortear, (que anualmente distingue obras literarias orixinais de escritores novos de Galicia e do Norte de Portugal e publica a obra vencedora tanto en galego como en portugués), do que o 3 de decembro pasado celebrouse a entrega da 7ª edición; as **Conversas Nortear, coas que se celebraron 13 encontros de escritores**; o "Nortear Ilustrado San Simón" que é un encontro de **ilustradores na illa de San Simón**, do que xa se celebraron dúas edicións; así como **11 roteiros literarios, 2 intercambios bibliográficos, e outras** actividades.

- 11 de novembro de 2021.- O Museo Etnolóxico de Ribadavia acolle desde hoxe a **exposición Fábulas de Almada Negreiros**, composta por diferentes ilustracións do referente da arte moderna portuguesa José de Almada Negreiros.

3.2 18 de febreiro do 2021.- A VI Semana Cultural de Convergências Portugal-Galiza homenaxe a Rosalía de Castro do 23 de febreiro ao 1 de marzo cun programa de actividades culturais que se en Santiago, Padrón, Ponteareas e Braga. A iniciativa, na que colaboran a Xunta de Galicia, desde o Centro de Estudos Galegos da Universidade do Minho, a formación bracarense Canto D'Aqui, os concellos de Santiago, Padrón e Ponteareas e a Fundación Rosalía de Castro, dá idea de como vai ampliándose a acción da Lei implicando novos actores.

3.3 Ademais, colaborouse con festivais de índole transfronteiriza como o IKFEM (International Keyboard Festival & Masterclass) da Eurocidade Tui – Valença, en agosto de 2021 e tamén na edición do 2020 e noutras anteriores;

3.4 Festival aRi[t]mar (de música e poesía galega e portuguesa), outubro de 2021 (Guadi, Rosalía Fdez Rial, Cláudia Pascoal, Márcia e José Viale Mutinho)

Co patrocinio da Xunta, da Deputación Provincial da Coruña, do Concello de Santiago, do Instituto

Camões e da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal. Ademais das comunidades educativas e sociais da **Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela**, Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga) EOI de Ferrol, Lugo, Pontevedra, Centro Cultural Portugués de Vigo-Instituto Camões e os centros do Ensino Portugués pelo Camões en Galicia, e os Centros de Estudos Galegos de máis de 35 universidades do exterior.

3.5 Festival Intersección, no que se financiou un encontro sobre novas tendencias artísticas do audiovisual con autores galegos e portugueses.

3.6 Festival Maré un clásico na participación de Galicia e o mundo Lusófono, Dirixido por Uxía Senlle.

3.7 Participamos e patrocinamos a **Leitura Continuada de Scórpio** (con AGAL) así como no 40 aniversario da creación desta asociación

3.8 30 de xullo de 2020.- co **Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)**, elaboramos o informe anual de acción exterior de Galicia Nós no mundo. A paradiplomacia galega na nova normalidade e mais o Informe anual do IGADI 2019-2020. Da guerra comercial á Covid-19 Con especial atención aos países lusófonos.

INVESTIMENTO TOTAL ACCIÓN CULTURAL: 200.000 €

3.9 ARRINCANDO MARCOS 2021: Poesía galega no Porto

A Xunta de Galicia colaborou coa editora compostelá Edicións Positivas na celebración dunha xornada poética en Porto. O acto central na Livraria Poetria e nel oito poetas galegos ofreceron ao público portugués un recitado conxunto.

A experiencia foi recollida nun libro que se distribuíu por distintas librerías do Porto, Braga e V. Nova de Cerveira.

3.10 Publicacións: “Querido Paco Barxas” Cartas entre Cruzeiro Seixas e Paco Barxas; Publicacións dos leitorados de Niteroi, Minho (3 .

4. ACTIVIDADES AGADIC

4.1. VI FORO DE COPRODUCCIÓN PORTUGAL-GALICIA

Encontro de produtoras galegas e portuguesas para o desenvolvemento e realización de proxectos en réxime de coprodución. Previsión de implementar accións para fortalecer a colaboración entre ambos sectores.

4.2. ENCONTRO DE TOCADORES DE CAMINHA

"Tocadores de Caminha", organizado por aCentralFolque,

4.3 O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Coprodución "Entremés famoso da pesca no río Miño"

Espectáculo dirixido por Fran Núñez, Compañía de Teatro de Braga (Portugal) estreouse con el o Festival de Teatro Clásico de Almagro (Cidade Real) que este ano estivo dedicado a Portugal. IMPORTANTE. Escolleron unha obra galego – portuguesa.

5. Lusofonía na CRTVG 2021

1.- Colaboración co sector audiovisual portugués. Existe unha colaboración asentada e crecente materializada en múltiples proxectos, algúns institucionais e outros no eido da produción de contidos.

1.1.- Programas portugueses e colaboración coa RTP na TVG

- **_"Auga seca"_. No 2020, TVG estreou 'Auga seca' que se converteu na primeira serie en lingua galega** que se incorporou á plataforma HBO. Esta ficción, producida pola galega Portocabo e SPi, a produtora máis importante do país veciño, para a Televisión de Galicia e a Rádio e Televisão de Portugal (RTP) con subtítulos en español e inglés. Rodada entre Vigo e Lisboa, 'Auga Seca' é un *thriller* que xira sobre o universo do tráfico de armas e as súas conexións co mundo empresarial.

No 2021, foi estreada a segunda temporada da serie, tanto na TVG como na RTP e na plataforma HBO. 8 novos episodios de 50 minutos rodados orixinalmente en galego e portugués. Dispoñible tamén en HBO.



En 2021 a CRTVG adquiriu os dereitos de emisión en galego da serie da RTP **"Chegar a casa"**.

- **_Outras colaboracións anteriores: En 2019:** 'Verão M', coprodución de ficción luso-galega da CRTVG e a RTP, que se rodou entre o norte de Portugal e localizacións galegas; tamén 'Ouro verde', produción lusa comprada pola TVG; outros programas dos últimos anos son 'Aquí Galicia', 'Aquí Portugal', 'Camiños da Irmandade' ou a serie 'Vidago Palace' emitida no 2017. E no 2018, TVG estreou pola G2 a serie xuvenil lusa 'Morangos com Açúcar', en versión orixinal, a primeira que emitiu en portugués, e subtitulada en galego.

1.2.- Cobertura dos Servizos Informativos da CRTVG.

- Froito do acordo coa RTP, desde 2016 a CRTVG traballa de maneira permanente cun **xornalista na cidade de Porto**. Isto repercute na ampliación da cobertura informativa e na presenza de falantes de portugués nos programas informativos dos medios públicos galegos.
- A cobertura das noticias que acontecen na raia é habitual nos servizos informativos da CRTVG. Ademais, o **portal de noticias G24.gal**, creado neste 2021, conta, na súa portada cunha **sección adicada as noticias de Portugal**, priorizada sobre as do resto da actualidade internacional.

1.3.- Deporte portugués na TVG. Desde outubro de 2021, a Televisión de Galicia ofrece cada fin de semana un partido da liga nacional portuguesa, que se emite pola G2

1.4.-Coñecemento dos xornais lusos. A canle pública galega incorpora cabeceiras portuguesas xunto ás galegas á revista de prensa que se emite dentro do programa informativo "Bos Días".

1.5- #DígochoEu. O proxecto estrela da CRTVG para estender o bo uso do galego entre a xente nova, empregando as redes sociais e cun formato e unha linguaxe sinxela e divertida deu neste 2021 un protagonismo único á lingua portuguesa. Primeiro, coa sección 'Apuntamento lusófono' que chamou a atención de seguidores de Portugal e, de feito, a canle de YouTube conta con moitos seguidores do Brasil e de Portugal.

E desde maio de 2021 coa creación dun espazo propio co mesmo nome, na plataforma **Twitch**. Nesta canle, moi seguida entre a xente nova, CRTVG emite cada mércores (22.00h,

twitch.tv/crtvg) **"#ApuntamentoLusófono"**, unha conversa semanal en directo entre Esther Estévez e o actor portugués Rodrigo Paganelli na que ela aprende portugués e el, galego. Deste xeito, a CRTVG estreita lazos con Portugal e achega de xeito lúdico as semellanzas e diferenzas das dúas linguas. Paganelli é moi coñecido en Portugal polos seus traballos en cine, teatro e televisión, así como pola súa actividade nas redes sociais.

Este espazo emítese tamén en TDT, os sábados pola mañá na G2, onde atopa tamén un bo respaldo da audiencia.

1.7.- Aspectos lingüísticos e achegamento ao portugués. O Servizo de Asesoramento Lingüístico da CRTVG segue as recomendacións da Academia Galega da Lingua Portuguesa, para que os medios públicos galegos coiden a fonética portuguesa á hora de pronunciar os nomes propios e topónimos lusos. Así mesmo, nas noticias sobre Portugal respéctanse as grafías en portugués dos nomes propios e topónimos, cos tiles que se usan en portugués e con marcas de nasalidade en vogais.

2.- Participación en ONSERIES, en Lisboa. Neste 2021, os medios públicos galegos, seguindo a súa estratexia de internacionalización, desenvolven unha intensa participación nas principais citas do sector dentro e fóra de España, entendidas como unha oportunidade de negocio para a ficción galega e para a CRTVG como punta de lanza do audiovisual galego. A CRTVG participou o 26 de novembro no encontro internacional ONSeries Lisboa, o escaparate portugués de promoción e *networking* da industria audiovisual, que reúne canles, axentes internacionais, inversores e produtores de ficción.

3.-Outras accións institucionais. Co patrocinio e a colaboración do Consello da Cultura Galega, o Xacobeo 2021-22 e a TVG, o 2 de decembro deste 2021 presentouse na sede co Consello da Cultura Galega o proxecto de **'Meniños Cantores 2- Cantamos nós! DA Asoc Ponte nas Ondas que cumpre 40 anos'**, do que a TVG adquiriu os dereitos. Trátase dunha nova proposta realizada a partir da primeira edición de Meniños Cantores, de 2005. Este novo proxecto ten unha maior dimensión pois abrangue toda a fronteira entre Galicia e Portugal e preséntase como unha das boas prácticas de 'Ponte...nas ondas!' un proxecto cultural transfronteirizo que tamén conta co apoio da CRTVG.